

**ANTENAS DE INFORMACIÓN XUVENIL BOLETÍN SEMANAL  
DO 11 AO 17 DE NOVEMBRO\_2024**

# **BOLETÍN SEMANAL DE CONVO- CATORIAS**

**ACTIVIDADES, BOLSAS, CONCURSOS...**



**Concello da Coruña**



## ACTIVIDADES

Do 15/11/2024 ao 07/12/2024 (diferentes prazos de inscrición para cada actividade)

### Nocturnia | edición outono 2024

Nocturnia é un programa de ocio saudable para a xuventude organizado polo Servizo de Mocidade da Concellaría de Benestar Social do Concello da Coruña, que recibe financiamento do Ministerio de Sanidade a través do PNSD. Ofrece unha serie de actividades gratuítas para que a xente moza, de 12 a 30 anos, as teñades en conta á hora de planificardes as vosas fins de semana.

[+ INFO](#)



Do 17/01/2025 ao 20/01/2025 (inscrición: ata o 14/11/2024)

### Campaña da Neve 2025

A Área de Deportes da Deputación da Coruña convoca a Campaña da Neve 2025, prazas para a estación invernal de Valgrande-Pajares (Asturias) destinadas á mocidade dos concellos da provincia. O Concello da Coruña, que dispón dun total de 29 prazas, abre o prazo de solicitude para empadronadas/os entre 11 e 15 anos.

[+ INFO](#)



Do 13/11/2024 ao 29/11/2024

### Espazo Diverso: programación novembro

O Espazo Diverso, espazo municipal das diversidades sexuais e identidades de xénero, abre o prazo de inscrición para as actividades e obradoiros que oferta durante este mes de novembro.

[+ INFO](#)



Dende o 11/11/2024

### Xogos de mesa nas Bibliotecas Municipais

Este novembro, coincidindo co #InternationalGamesMonth, a Rede de Bibliotecas Municipais da Coruña inaugura unha nova colección de xogos de mesa e presenta o seu plan de xogos. Este novo plan ten como obxectivo ampliar a oferta para as persoas usuarias e atraer outras, especialmente mozos e mozas, e transformar a biblioteca nun espazo para xogar en comunidade, desenvolver habilidades e aprender cousas novas.

[+ INFO](#)





## ACTIVIDADES

Do 11/11/2024 ao 15/11/2024

### Semana cultural Xapón en Galicia

A Escola Oficial de Idiomas da Coruña, en colaboración coa Embaixada de Xapón en España, organiza unha nova edición da Semana cultural Xapón en Galicia.

[+ INFO](#)



Do 14/11/2024 ao 24/11/2024

### Cormorán Film Fest

Chega a nova edición do Cormorán Film Fest, o festival internacional de cinema de autor da Coruña, que se celebrará do 14 ao 24 de novembro nos Cantones Cines cunha selección de 10 películas e documentais, "CormoCharlas" e coloquios con directores.

[+ INFO](#)



Do 14/11/2024 ao 30/11/2024

### Festival de Teatro Valacar

O grupo de teatro Valacar organiza cada ano no mes de novembro o seu festival de teatro para amosar que as artes escénicas non son só unha fonte de entretemento, senón tamén un medio de inclusión e diversidade.

[+ INFO](#)



15/11/2024

### Concerto combos de moderna

A Escola Municipal de Música da Coruña presenta "Concerto Combos de Moderna".

[+ INFO](#)



16/11/2024

### Día Internacional do Patrimonio Mundial no Castelo de San Antón

O Museo Arqueolóxico e Histórico Castelo de San Antón da Coruña celebra o Día Internacional do Patrimonio Mundial cunha xornada de portas abertas, visitas guiadas e talleres.

[+ INFO](#)





# ACTIVIDADES

Do 16/11/2024 ao 30/11/2024

## Butaca de Jazz

Afundación celebra este novembro o quinto aniversario de "Butaca de Jazz", o ciclo de concertos que oferta jazz de alto nivel con propostas galegas, nacionais e internacionais.

[+ INFO](#)



Do 16/11/2024 ao 17/11/2024

## ExpOtaku 2024

Volve á Coruña ExpOtaku, o evento dedicado ao mundo do anime, os videoxogos, o cosplay e o lecer alternativo que se celebrará no recinto feiral de ExpoCoruña.

[+ INFO](#)



16/11/2024

## V Xornadas Antirracistas

SOS Racismo Galicia organiza unha xornada de encontro, reflexión e aprendizaxe, onde abordar temas como o racismo estrutural, a colonialidade, as interseccionalidades e outras experiencias diversas que enriquecen a loita antirracista.

[+ INFO](#)



Do 19/11/2024 ao 21/11/2024

## Simposio Luísa Villalta

A Real Academia Galega organiza na Fundación Barrié do 19 ao 21 de novembro o Simposio Luísa Villalta. A programación, dedicada á protagonista do Día das Letras Galegas 2024, incluírá relatorios e mesas redondas, ademais da actuación musical de Uxía e o espectáculo "Indóciles".

[+ INFO](#)





## BOLSAS E AXUDAS

Inscripción: ata o 27/11/2024

### **638 prazas para profesorado visitante en Estados Unidos, Canadá, Alemaña e China**

Prazas para profesorado visitante para impartir ensinos en español en programas de ensino bilingüe e de inmersión lingüística, español como lingua estranxeira, e outras áreas ou materias en centros educativos de Estados Unidos, Canadá, Alemaña e China.



**+ INFO**



# CONCURSOS E PREMIOS

Inscrición: ata o 19/11/2024

## Concurso de Deseño Gráfico - 25N CMX contra a Violencia de Xénero

O Conseyu de Mocedá de Xixón, en colaboración co Instituto Asturiano da Mocidade e o departamento de Mocidade do Concello de Xixón, convoca a 6ª Edición do Concurso de Deseño Gráfico - 25N CMX contra a Violencia de Xénero.

[+ INFO](#)



Inscrición: ata o 24/11/2024

## Concurso de poesía #versosenInstagram

Zenda Libros, co patrocinio de Iberdrola, presenta a edición otoñal do concurso de poesía #versosenInstagram, no que un xurado formado por coñecidos escritores e escritoras elixirá un gañador e dous finalistas.

[+ INFO](#)




Inscrición: ata o 25/11/2024

## Teño unha idea 2024

A Fundación Fad Mocidade organiza "Teño unha Idea" un concurso diferente onde desenvolver a creatividade de adolescentes e mozas de 14 a 18 anos.

[+ INFO](#)



Inscrición: ata o 30/11/2024

## Concurso Fotográfico Estampas de Paz e Acougo

O Concello de Lugo convoca o X Concurso Fotográfico: "Estampas de Paz e Acougo".

[+ INFO](#)



Inscrición: ata o 30/11/2024

## Relatos de Mulleres 2024

O Concello de Castelló da Plana, convoca anualmente, desde 1993, un concurso de relatos co obxectivo incentivar a creación literaria entre as mulleres e facilitar a difusión das súas obras.

[+ INFO](#)





# CONCURSOS E PREMIOS

Inscrición: ata o 02/12/2024

## XXXI Concurso de Noveis Deseñadores de Moda de Camariñas

O Concello de Camariñas convoca o XXXI Concurso de Noveis Deseñadores de Moda, cuxo obxecto é fomentar e promocionar a aplicación do Encaixe de Camariñas na moda concedendo 4 premios ás mellores coleccións de deseño de moda.



[+ INFO](#)

Inscrición: ata o 05/12/2024

## VI Concurso Internacional de Postais de Nadal "Full Color Xmas"

La Vienísima convoca o VI Concurso Internacional de Postais Do Nadal "Full Color Xmas". Unha iniciativa en liña que xorde co obxectivo de dar visibilidade ao colectivo LGBTIQ , potenciar o respecto á diversidade, reivindicar os diferentes modelos de familia existentes e fomentar a cultura desde unha perspectiva máis inclusiva.



[+ INFO](#)

Inscrición: ata o 10/12/2024

## Concurso fotográfico "Meteo-outono'2024"

A Asociación Meteorolóxica Española (AME), en colaboración con Tempo.com, convoca o concurso fotográfico Meteo-outono'2024.



[+ INFO](#)

Inscrición: ata o 15/12/2024

## Concurso cartel 32º Festival de Cinema Español de Cáceres

A Fundación ReBross convoca o primeiro concurso en liña para seleccionar o cartel do Festival de Cinema Español de Cáceres na súa 32 edición. O Festival pretende estimular a creatividade e fomentar a difusión do certame entre a mocidade.



[+ INFO](#)



## CURSOS

16/11/2024

### Iniciación á fotografía no Monte da Fraga

A UDC e o Grupo Naturalista Hábitat organizan unha actividade de introdución no mundo da fotografía de natureza, poñendo en valor a biodiversidade do Monte da Fraga.



[+ INFO](#)

Durante o curso 2024-2025

### Clases de inglés na AVV Oza Gaiteira Os Castros

A Asociación Veciñal Oza Gaiteira Os Castros organiza clases de lingua inglesa ao longo do curso escolar 2024/2025. Haberá dous grupos: iniciación e perfeccionamento. As clases comenzarán cando se creen os grupos.



[+ INFO](#)

Durante o curso 2024-2025

### Clases de gaita na AVV Oza Gaiteira Os Castros

A Asociación Veciñal Oza Gaiteira Os Castros vai impartir clases de gaita ao longo do curso escolar. Niveis iniciación e perfeccionamento.



[+ INFO](#)



# CONTACTO

## Servizos de Información Xuvenil do Concello da Coruña

---

### Espazo de Información Xuvenil Fórum Metropolitano

Rúa Río Monelos, 1. 15006 A Coruña  
Tel.: 981 184 294

### Espazo de Información Xuvenil Centro Ágora

Lugar Gramela 17. 15011 A Coruña  
Tel.: 981 189 888 (Ext. 34324 / 34325)

### Espazo de Información Xuvenil Naves do Metrosidero

Av. do Metrosidero, Nave 03. 15001- A Coruña  
Tel.: 981 189 895 (Ext. 10701/10702)



606 362 366



cmix@coruna.gal



[coruna.gal/informacionxuvenil](http://coruna.gal/informacionxuvenil)



Facebook



**mocidade  
coruña**

[coruna.gal/informacionxjuvenil](http://coruna.gal/informacionxjuvenil)



X